

DECLARACIÓN DE CASTRO CALDELAS

Por unha lingua para o Dereito

XXX Aniversario da primeira sentenza en lingua galega

1985 - 2015

En Castro Caldelas, o día 11 de abril de 2015, don Carlos Varela García en representación da Irmandade Xurídica Galega; dona Sara Inés Vega Núñez, Alcaldesa de Castro Caldelas, e os rexedores/as e profesionais do dereito que asinan ao pé, MANIFESTAN:

A Constitución Española, o Estatuto de Autonomía para Galicia e a Lei de Normalización Lingüística significaron un cambio fundamental no ordenamento xurídico das linguas e recoñeceron o galego como idioma propio e oficial de Galicia.

As consecuencias desa declaración de oficialidade para o ámbito da xustiza están recollidas nos artigos 7 da Lei de Normalización e 231 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, nas que se establece que as actuacións xudiciais serán válidas e producirán os seus efectos calquera que for a lingua oficial empregada e que os cidadáns e cidadás, os seus avogados e procuradores, as testemuñas e peritos teñen dereito a usaren o galego oralmente e por escrito nas súas actuacións perante os órganos xurisdiccionais de Galicia sen ningunha limitación.

Como a Lei de Normalización Lingüística recoñece, o devir histórico do noso país e o dilatado período de tempo durante o que o seu uso se veu arredado do mundo da xustiza, esixen un proceso de normalización, e que o Ministerio de Xustiza, a Consellería de Presidencia, as oficinas xudiciais e os profesionais do dereito (en especial os avogados) realicen un esforzo específico para facermos real e efectiva a liberdade e igualdade dos cidadáns e cidadás galegofalantes, de xeito que se poida utilizar verbalmente e por escrito a lingua galega sen ningunha clase de atranco ou prevención, e sen que iso comporte demoras indebidas na tramitación dos procesos.

Nese marco, os avogados e rexedores municipais que interveñen en representación e defensa das entidades públicas de Galicia, nomeadamente dos concellos e deputacións, teñen unha especial importancia polo relevante papel que as corporacións locais xogan no proceso de normalización nestes asuntos, como establece o artigo 7 da Lei de Administración Local de Galicia. Por esa razón, a coherencia lingüística desas corporacións e dos letrados que para elas traballan é fundamental, e un compromiso público inexcusable de todas elas.

./...

Polo exposto, os abaixo asinantes DECLARAN formal e solemnemente:

- 1.- Introducir a oferta positiva de atenderen aos seus clientes con naturalidade e espírito de cortesía e conciencia lingüística.
- 2.- Promover unha visión afable, moderna e útil da nosa lingua que esfarele prexuízos e reforce a súa estima e demanda.
- 3.- Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos.
- 4.- Os operadores xurídicos e rexedores municipais comprométense a invocaren o artigo 7.4. da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización Lingüística, nos seus escritos de demanda, solicitando dos órganos xurisdicionais se ditén resolucións en lingua galega.
- 5.- Asemade, comprométense a solicitar das notarías o uso do noso idioma nos instrumentos xurídicos que tramiten nelas.

